

O 13 DE DECEMBRO, PREGON DO NADAL E
APERTURA DO BELEN ELECTRONICO EN BEGONTE

O próximo día 13 de decembro, sábado, comezará en Begonte o tempo do Nadal, cos actos que organiza o Centro cultural "José Domínguez Guizán", entidade promotora do Belén Electrónico, que este ano cumpre 25 de existencia.

Os actos previstos con tal motivo, son os seguintes:

- ás 18,00 h., na igrexa parroquial, Pregón do Nadal, a cargo de ENRIQUE FERNANDEZ GONZALEZ, Vicepresidente primeiro da Deputación Provincial de Lugo.
- A continuación, recital de cantos do Nadal, a cargo da Coral Polifónica de Viveiro, dirixida por Antonio Xosé Alvarez Neira.
- ás 19,00 h., no Centro cultural, inauguración do Belén Electrónico de Begonte.

Desde ese día, o Belén Electrónico e o Museo do Belén permanecerán abertos ate o 31 de xaneiro próximo en horario de 15,00 a 19,30 os días laborables, e os festivos de 11,00 a 14,00 e de 15,00 a 20,00 h. Recoméndase que os grupos avisen previamente da súa visita chamando ó tfno. 396121.

Por outra parte, o Centro cultural ten convocados os seguintes Certames con motivo deste Nadal:

- XXII Certame de xornalismo sobre O NADAL, patrocinado pola Consellería de Cultura e Comunicación Social.
- VIII Certame galego de arte "José Domínguez Guizán", patrocinado pola Deputación Provincial de Lugo.
- XXII Certame nacional de Poesía sobre O Nadal, patrocinado pola Fundación Caixa Galicia.
- XXII Certame de debuxo infantil sobre O Nadal, patrocinado por Caixa Rural de Lugo.